



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



BASES REGULADORAS PARA A ELABORACIÓN DA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN MEDIANTE CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA DE PERSOAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Será a formación dunha lista de reserva para prover mediante contratos de duración determinada a persoal do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Cerdedo-Cotobade

SEGUNDA. NATUREZA DAS RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

Os aspirantes da lista poderá ser contratados para o desempeño de funcións propias do persoal do servizo municipal de axuda no fogar cando fose necesaria a realización dun servizo determinado correspondente a necesidades autónomas e non permanentes da produción con autonomía e substantividade propia dentro da actividade normal da Administración; cando sexa precisa a substitución transitoria dos titulares do servizo; cando exista unha acumulación de tarefas acreditada mediante informe emitido polos servizos sociais do Concello de Cotobade, nos supostos de que existisen postos vacantes na plantilla municipal en tanto non sexa posible a súa provisión por persoal laboral fixo.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva de postos do servizo municipal de axuda no fogar.

A lista que se confeccione terá unha vixencia máxima de 5 anos e poderá verse derogada no caso de que, por cuestións operativas, se decida a aprobación dunha posterior.

TERCEIRA. RETRIBUCIÓNS

As retribucións básicas serán as correspondentes ao grupo de titulación do posto ofertado.

CARTA. REQUISITOS

Os aspirantes a ser incluídos na respectiva lista de reserva, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do título de técnico en coidados auxiliares de enfermería establecido polo Real Decreto 546/1995 de 7 de abril ou os títulos equivalentes que establece o Real Decreto 777/1998 do 30 de abril ou o título de técnico en atención a persoas en situación de



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



dependencia, regulado polo Real Decreto 1593/2011 do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico de atención sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003 do 02 de maio, ou no seu caso calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais ou certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, regulado polo Real Decreto 1379/2008 de 1 de agosto.

d)Estar en posesión do permiso de conducir da clase “B” e de vehículo propio.

e)Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto e non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico algún que impida o normal desenvolvemento das funcións propias da praza.

f)Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que se houbera separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haberse sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g)Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

Todos estes requisitos deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes.

Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme a normativa vixente.

Á solicitude deberase achegar, polo menos, a seguinte documentación:

a)Modelo normalizado de solicitude dos aspirantes no que se exprese por estes que cumpren con todos os requisitos necesarios para formar parte no proceso selectivo (Anexo I).

b)Fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Todos estes requisitos deberanse posuír na data de remate do prazo de presentación das solicitudes e mantelas ata o momento da realización do nomeamento.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo estenderanse no impreso normalizado de solicitude que se adxunta no Anexo I e dirixiranse ao Presidente da Comisión Xestora, podéndose presentar nos Rexistros Xerais do Concello (A Chan nº 11 Carballedo –



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Praza do Concello 1 Cerdedo). Horario: 9 a 14 horas de luns a venres, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de **DEZ DÍAS NATURAIS** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de non aportar a documentación no rexistro do Concello deberá remitirse o xustificante da presentación da solicitude no Rexistro correspondente ao fax número (986)760130.

A remisión do devandito xustificante deberá constituírse dentro do prazo de presentación de instancias.

No caso de non cumprir cos devanditos requisitos o aspirante poderá quedar excluído da participación no proceso selectivo.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes a alcaldía ditará resolución, que se deberá publicar no taboleiro de anuncios do Concello, indicando a designación nominal do Tribunal Cualificador así como o lugar, data e hora no que se valorarán os méritos do concurso, sinalando un prazo de tres días hábiles para emendar o defecto que motivase a exclusión ou omisión.

No caso de se producir reclamacións deberase ditar nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación definitiva de admitidos e excluídos no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os aspirantes que no prazo sinalado non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión serán definitivamente excluídos da participación nas probas.

De non presentarse reclamación ningunha, ou se a documentación presentada cumpre cos requisitos establecidos nas bases, a lista provisional elevarase a definitiva.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por tres membros: un presidente, un secretario e un vogal e quedará integrado polas persoas que designe o Presidente, publicándose a súa composición consonte o disposto na base sétima, coa lista definitiva de admitidos e excluídos.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración é as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan expoñerse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interperse recurso ante a autoridade que nomee ao seu Presidente nos termos establecidos na Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Os tribunais quedarán incluídos na categoría correspondente conforme ao disposto Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Nos mesmos termos serán retribuídos os/as asesores do tribunal.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



SÉTIMA. CALENDARIO E DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria previa audiencia do interesado, deberá propoñer ó Sr. Presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.

OITAVA. SELECCIÓN E MÉRITOS

A selección farase polo sistema de concurso de méritos, de acordo cos seguintes criterios de avaliación:

a.Experiencia laboral:

A-Experiencia laboral prestando servizos de axuda no fogar con relación de servizo na Administración Pública ou en entidades prestadoras de servizos sociais á dependencia debidamente autorizadas fóra da Administración Pública a razón de 0.20 puntos por mes completo traballado.

B-Experiencia laboral prestando servizos de asistencia sanitaria ou xerontolóxica con relación de servizo en centros dependentes da Administración Pública ou en centros autorizados fóra da Administración Pública a razón de 0.10 puntos por mes completo traballado.

Non se terán en conta os días correspondentes a contratos que non superen o mes ou non acaden o mes completo.

Ata un máximo de 5,00 puntos.

b.Cursos de formación:

Por cursos de formación ou especialización recibidos directamente relacionados co posto convocado ou coa prevención de riscos laborais e organizado ou avalado por unha entidade pública a razón de:

- De 10 a 50 h.: 0`1 pto.
- De 51 a 100 h.: 0`2 ptos.
- De 101 de 300 h.: 0`3 ptos.
- A partir de 301 h: 0`5 ptos.

Naso de ter unha duración inferior a 10 horas ou non especificar as horas de duración non se valorará.

Ata un máximo de 2,00 puntos.

c. Coñecemento do idioma galego:

- a) Por ter acreditado o nivel Celga 1 ou equivalente: 0,20 puntos.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



- b) Por ter acreditado o nivel Celga 2 ou equivalente: 0,40 puntos.
- c) Por ter acreditado o nivel Celga 3 ou equivalente (iniciación): 0,60 puntos.
- d) Por ter acreditado o nivel Celga 4 ou equivalente (perfeccionamento): 0,80 puntos.
- e) Por ter acreditado o nivel Celga 5 ou equivalente: 1 punto.

Ata un máximo de 1,00 puntos.

Os aspirantes, xunto coa solicitude de participación na respectiva convocatoria, deberán presentar o seu “currículum vitae” (optativamente) e os documentos acreditativos dos méritos que aleguen en orixinais, ou copia.

Os aspirantes poderán alegar a avaliación dos méritos cuxa acreditación non dispoñan no momento de presentación da solicitude.

En todo caso poderán achegalos ao Tribunal Cualificador ata o día da sesión de avaliación de méritos.

Os méritos que non se aporten ou aleguen coa solicitude de participación ou non se acrediten ata a data da sesión de avaliación non se terán en conta polo Tribunal Cualificador.

Os méritos alegados polos aspirantes computaranse ata a data de remate do prazo de presentación de instancias.

Os méritos referidos á experiencia laboral ou profesional na Administración Pública deberán acreditarse, preferentemente, mediante certificado expedido polo órgano competente da Administración na que prestaran os servizos no que se faga constar a categoría desempeñada e a duración dos correspondentes contratos ou relacións de servizo.

No caso da experiencia laboral fóra da Administración Pública deberán aportar copia da vida laboral e dos contratos de traballo que xustifiquen a prestación de servizos alegados. Sen a concurrencia de ambos requisitos non se valorará o mérito alegado.

A asistencia a cursos de formación acreditarase mediante a aportación de copia do diploma do curso na que se especifique o seu contido e o número de horas de duración.

A puntuación máxima a obter no proceso é de 8,00 puntos.

Unha vez que o tribunal valore os méritos alegados polos aspirantes publicará a relación dos mesmos pola orde da puntuación obtida no taboleiro de edictos da casa do Concello.

Cando, no seu caso, se tramite o expediente de nomeamento do aspirante no prazo dos 3 días naturais seguintes a aquel en que se lle requira, presentará no Rexistro Xeral do Concello de Cotobade os documentos que se especifican seguidamente:



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



- 1.Documento Nacional de Identidade mediante fotocopia compulsada.
- 2.Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.
- 3.Tarxeta da Seguridade Social mediante fotocopia.
- 4.Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- 5.Certificado médico de aptitude para o desempeño das funcións do posto.
- 6.Permiso de Condución “B”

No caso de que non se aportara a documentación no prazo previsto ou a documentación presentada incumpra as esixencias das bases reguladoras o aspirante quedará excluído definitivamente da lista procedéndose a efectuar o chamamento ao que ocupe o posto inmediatamente posterior na mesma..

NOVENA. PUBLICACIÓN DOS LISTADOS E VIXENCIA

A lista de reserva, confeccionada por orde de maior a menor puntuación, será sometida á aprobación do Sr. Alcalde. A resolución da alcaldía e as listas de reserva serán expostas no taboleiro de anuncios do Concello para coñecemento dos interesados e demais efectos legais.

A lista que se confeccione terá unha vixencia máxima de 5 anos.

DÉCIMA. FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA

Cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, enviándolle un telegrama e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado, así mesmo tentarase comunicar por teléfono coa finalidade de acurtar os prazos. Se non recollese o telegrama equivalerá á renuncia ao posto ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

DECIMOPRIMEIRA. RENUNCIAS

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas:

- 1.Primeira renuncia: Dous meses de exclusión.
- 2.Segunda renuncia: Tres meses de exclusión.
- 3.Terceira renuncia: Exclusión definitiva da lista.

A renuncia non será causa de exclusión da lista, nin temporal nin definitiva, cando o/a aspirante xustifique que se atopa en situación de incapacidade temporal ou ben cando acredite que se atopa empregado/a.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



DECIMOSEGUNDA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

DECIMOTERCEIRA. DEROGACIÓN DA LISTA DE RESERVA

A aprobación da lista pola presidencia dará lugar á derogación do anterior listado aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 04.08.2016.

Cerdedo-Cotobade

O Presidente

Jorge Cubela López

(documento asinado dixitalmente á marxe)



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D.....,
veciño/a de, con domicilio
en, e DNI
nº, e teléfono de contacto
nº

Interesado no concurso convocado para, ante o Presidente comparece e

EXPON:

1. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen a convocatoria para a formación dunha lista de reserva para prover mediante contratos de duración determinada de persoal do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Cerdedo-Cotobade
2. Que se compromete a aportar no seu día os documentos acreditativos de reunir as condicións establecidas na base oitava.

E por todo isto,

SOLICITA:

Ser admitido ao concurso convocado para optar á lista de reserva para prover mediante contratos de duración determinada de persoal do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Cerdedo-Cotobade

Cerdedo-Cotobade de de 2017

O/a Interesado/a